

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia pola que se nomean os membros da Comisión de Méritos para a valoración do concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo (AP48) no Servizo de Publicacións.

De conformidade co disposto no artigo 3.5 das Normas reguladoras da bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia,

RESOLVO,

Primeiro. Visto o artigo 3.5 das Normas reguladoras da bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia, designar como membros da comisión de méritos que valorará os correspondentes méritos a:

Presidente:

- Xosé Antón Sarmiento Méndez.

Vogais:

- Xermán García Cancela.
- Teodoro García Rodríguez.
- Begoña Ramos Suárez.
- Purificación López Gómez.

Secretaría:

- David González Alonso.

Segundo. Notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Terceiro. Publicar esta resolución na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O presidente do Parlamento de Galicia